

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL DO CONCELLO DE MOECHE

LIMIAR

O Concello de Moeche na súa labor de facilitar a inserción laboral da cidadanía do municipio, ofrece a toda a poboación activa empadroada en Moeche un servizo de intermediación laboral. Será de utilidade para as persoas en situación de desemprego e para as que desexen mellorar a súa situación laboral.

Créase coma un instrumento para mellorar a información á cidadanía e incidir na transparencia e a igualdade de oportunidades. É, ademais, unha ferramenta de promoción económica, que estará ao servizo das empresas que realicen procesos de selección e que incidirá na mellora da competitividade dos recursos humanos do municipio.

Este servizo ten como obxectivo principal a intermediación laboral, sendo unha ferramenta de conexión entre a demanda existente no noso municipio e as ofertas de emprego que se xeneren na zona. E, ademais, ten como obxectivo a divulgación de información de interese en materia de recursos humanos e promoción económica.

A documentación que figure nesta Bolsa de Emprego poderá ser empregada nos procesos de selección de persoal laboral temporal do Concello de Moeche, complementándoa e actualizándoa en función das bases de cada proceso selectivo.

En ningún caso a Bolsa de Emprego municipal se entende como un servizo que proporciona postos de traballo “in situ”, senón que colabora coa persoa demandante na busca dun emprego a través das ferramentas que se detallan neste documento.

NORMATIVA

Artigo 1. Obxecto.

Esta ordenanza ten por obxecto regular a constitución e funcionamento do servizo de intermediación laboral do Concello de Moeche. Está ideada para prestar un servizo de intermediación laboral a todas as persoas empadroadas no municipio, que sexan poboación activa, e proporcionar información a través dos medios de comunicación dispoñibles, das ofertas de emprego e outros asuntos en materia de recursos humanos e promoción económica que se reciben no servizo de Desenvolvemento Local, para iso, todos os departamentos do Concello de Moeche canalizarán por esa vía as ofertas de emprego que xeneren ou das que teñan coñecemento.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Poderán ser beneficiarias deste servizo:

a) Demandantes de emprego: as persoas empadroadas en Moeche que se atopen sen emprego, que desexen mellorar a súa situación laboral.

b) Como ofertantes de emprego: particulares, empresas e institucións que abran procesos de recrutamento de persoal.

Artigo 3. Definición.

Este servizo existe co fin de constituír unha base de datos das persoas desempregadas e das que desexen mellorar a súa situación laboral, de xestionar ofertas de emprego que se reciban no Servizo de Desenvolvemento Local e de divulgar información de interese entre as persoas inscritas en materia de recursos humanos e promoción económica.

Artigo 4. Requisitos das persoas aspirantes.

Son requisitos para formar parte da Bolsa de Emprego do Concello de Moeche:

- a) Ser maior de dezaseis anos. No caso de que a persoa demandante de emprego non teña a maioría de idade a solicitude deberá ir asinada polo representante legal ou titor/-a da persoa solicitante.
- b) Estar empadroadado en Moeche.
- c) No caso de persoas estranxeiras, deberán estar en posesión do correspondente permiso de residencia e traballo.

Artigo 5. Inscricións.

A inscrición realízase en modelo normalizado que figura como anexo I desta ordenanza, que ao efecto se lle entregará ao interesado, ou ben pode descargarse na páxina web do Concello de Moeche (impreso de inscrición).

Unha vez cumprimentada e acompañada da documentación esixida, presentarse no Rexistro do Concello de Moeche, dirixida ao Servizo de Desenvolvemento Local, e desde ese departamento asinaráselle un número de rexistro de usuario.

Este trámite poderá realizarse a través de administración electrónica cando estea habilitado na web do concello.

No caso de persoas menores de idade ou con discapacidade psíquica, a inscrición debe estar asinada polo representante legal.

Artigo 6. Documentación esixida.

Xunto coa solicitude de inscrición orixinal presentarse a seguinte documentación, en orixinais ou fotocopias compulsadas, se é o caso:

- DNI ou pasaporte
- Tarxeta demandante de emprego
- CV modelo europeo
- Permiso de residencia e traballo, no caso de persoas estranxeiras que o necesiten
- Documentación formación regrada e non regrada
- Documentación acreditativa da experiencia laboral (vida laboral)
- Carnés profesionais e permisos de conducir
- Outra documentación

Artigo 7. Funcionamento do servizo de intermediación laboral do Concello de Moeche.

A atención ao público do servizo realizarase de luns a venres, dentro dos horarios de atención ao público das oficinas municipais. Calquera variación dos datos achegados deberá comunicarse presentando a través do Rexistro o impreso de modificación, recollido no anexo II desta ordenanza, acompañado da documentación oportuna.

A persoa inscrita ten a obriga de comunicar ao servizo de Desenvolvemento Local a modificación das súas circunstancias laborais, e de aqueles datos que integren o seu expediente persoal.

Artigo 8. Expediente persoal.

Estará formado polo impreso de solicitude, a documentación achegada inicialmente e as posteriores modificacións. Ademais, incorporaranse os datos referidos ás xestións que se realicen sobre o expediente.

Artigo 9. Actualizacións das solicitudes.

A inscrición no servizo ten vixencia de 24 meses, pasados os cales se deberá renovar, empregando o impreso que figura no anexo II desta ordenanza.

Artigo 10. Baixas no servizo de intermediación laboral.

Se a persoa inscrita, por calquera motivo, quere darse de baixa no dito servizo, deberá solicitala polos mesmos medios establecidos para a inscrición, empregando o impreso do anexo II.

Artigo 11. Xestión das ofertas de emprego.

Os empregadores que soliciten candidatos ao servizo de intermediación laboral deberán encher o impreso de oferta de emprego, que figura no anexo III e que se publicará na web do Concello de Moeche, indicando o perfil solicitado dos aspirantes e remitila por correo electrónico, plataforma web, fax ou personándose no Servizo de Desenvolvemento Local no horario estipulado no artigo 7 desta ordenanza.

A empresa indicará o modo en que desexa que se xestione a súa oferta: solicitude de listaxe de candidatos e/ou publicidade nos medios dispoñibles no concello.

Unha vez recibida a oferta de emprego, asignaráselle un número de rexistro de oferta para o seu control e arquivo.

a) Solicitude de candidatos.

- A elaboración da listaxe de candidatos realizarase tendo en conta o perfil solicitado polo ofertante. Á empresa remitiráselle o impreso de comunicación de candidatos acompañada da listaxe que incluírá nome e apelidos e datos de contacto.
- O ofertante de emprego, unha vez recibidos os datos, deberá encargarse de realizar a selección poñéndose en contacto cos candidatos incluídos na lista.

b) Publicidade nos medios dispoñibles no concello.

- Cos datos recollidos no impreso do anexo III elabórase un anuncio que se pode dar a coñecer na web municipal, nos boletíns informativos e no taboleiro.

O ofertante, independentemente da modalidade de xestión da súa oferta, deberá notificar á Bolsa de Emprego o resultado do proceso de selección.

O proceso de xestión da oferta, desde a súa recepción ata o envío da lista e/u publicidade non será superior a catro días hábiles, o que permitirá aos ofertantes dispoñer de candidatos de forma rápida e sinxela.

Artigo 12. Procesos selectivos do Concello de Moeche.

Comunicarase ás persoas inscritas a apertura dos procesos selectivos do Concello de Moeche. A documentación que figure neste servizo poderá ser empregada nos procesos de selección de persoal laboral temporal do Concello de Moeche, complementándoa e actualizándoa en función das bases de cada proceso selectivo.

Artigo 13. Protección de datos.

Segundo a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter Persoal, os datos que incorpore o usuario neste ficheiro serán destinados para a finalidade descrita anteriormente, sendo o responsable do ficheiro o Concello de Moeche, ante o que se deben exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación dos datos de carácter persoal.

Os datos de carácter persoal serán tratados co grao de protección adecuado, segundo o real Decreto 944/1999, de 11 de xuño, tomándose as medidas de seguridade necesarias para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado por parte de terceiros que o poidan empregar para finalidades distintas ás desexadas polo usuario. Non está permitida a cesión de outros datos e a outras entidades diferentes do ao que se contempla nesta ordenanza.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.”

ANEXO 1
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Rexistro núm. :

D./D^a..... NIF.....
Enderezo..... Data nacemento:.....
Concello.....Parroquia:.....
Teléfono fixo.....Teléfono móbil.....
Correo electrónico.....
Nacionalidade.....Permiso residencia e traballo Sí Non

EXPOÑO:

Que coñezo o contido da ordenanza reguladora do servizo de intermediación laboral do Concello de Moeche, publicada o díano BOP.

SOLICITO que:

Sexa inscrito/a como

desempregado/a
 demandante de mellora de emprego

Estudos rematados:

sen estudos E. primarios EXB ESO FP/ciclos..... Universitarios.....

Formación complementaria

.....
.....

Informática e Tics.....Nivel usuariocoñecementos específicos
en.....

Idiomas: galego español inglés francés alemán

Outros:.....

Permiso conducción: sí non Tipo:.....

Minusvalía: sí non Tipo:.....

Carnés/capacitacións profesionais:

Manipulador alimentos
 manipulador fitosanitarios

- socorrista
- CAP/mét. Didáctica/form.ocupac.
- Tarxeta profesional construción
- gruísta
- inst. Fontanería e gas, calefacción
- instalador electricista
- competencia mariñeiro
- primeiros auxilios
- CAP transporte

Outros:

(ver códigos da listaxe de ocupacións)

.....

Observacións (escriba a súa experiencia laboral ou peculiaridades persoais e que accións lle gustaría que se organizasen para facilitar a súa inserción laboral)

.....

Moeche, de de 20

Asdo.:

RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- DNI ou pasaporte
- Tarxeta demandante de emprego
- CV modelo europeo
- Permiso de residencia e traballo, no caso de persoas estranxeiras que o necesiten
- Documentación formación regrada e non regrada
- Documentación acreditativa da experiencia laboral (vida laboral)

___ Carnés profesionais e permisos de conducir

___ Outra documentación

CATEGORÍAS DE OCUPACIÓN

0000 Calquera tipo de traballo no que non se necesite cualificación específica

ADMINISTRACIÓN

0101 Auxiliar

0102 Administr.

0103 Arquivista/bibl.

0104 Contable

0105 Técnico/-a

0106 Informático/-a

0107 Comercial

0150 Outros

COMERCIO E TRANSPORTES

0201 Dependente

0202 Caixeiro/-a

0203 Repoñedor/-a

0204 Almacén

0205 Escapatista

0206 Repartidor/-a

0207 Vix. seguridade

0208 Conductor/-a camións

0209 Conductor/-a ambulancias

0250 Outros

CONSTRUCCIÓN

0301 Peón

0302 Albanel

0303 Alicatador/-a

0304 Encargado/-a

0305 Delineante

0306 Técnico/-a

0307 Conductor excavadora, grúa e outra maq.

0350 Outros

HOSTELERÍA E TURISMO

0401 Camareiro/-a bar

0402 Camareiro/-a rest.

0403 Axudante cociña

0404 Cociñeiro/-a

0405 Pasteleiro/-a

0406 Recepcionista
0407 Conserxe
0408 Gobernante/-a
0409 Técnico/-a turismo
0450 Outros
TRABALLOS AGROPECUARIOS E PESCA
0501 Peón agrario/silvícola
0502 Peón de gandería
0503 Conductor maquinaria agrícola
0504 Encargado/-a
0505 Xardineiro/-a
0506 Técnico/-a
0507 Mariñeiro/-a
0508 Patrón embarcacións
0550 Outros
PROFESIONAIS
0601 Avogado/-a
0602 Axente de igualdade
0603 A.D.L.
0604 Animador/-a cultural
0605 Técnico/-a deportes
0606 Asistente social
0607 Periodista
0608 Relacións públicas
0609 Esp. procesos. Cde.
0610 Arquitecto/-a
0611 Enxeñeiro/-a
0612 Formador/-a
0613 Filólogo/-a
0614 Historiador/-a
0615 Fotógrafo/-a
0616 Esp. imaxe e son
0617 Deseñador/-a gráfico
0618 Especialista en
TICS
0650 Outros
MONTAXES, INSTALACIÓNS, MANTEMENTOS
0701 Carpinteiro/-a madeira
0702 Carp. metal
0703 Carp. PVC
0704 Fontaneiro/-a
0705 Electricista

0706 Especialista en enerxías alternativas

0707 Técnico electrónica

0708 Escaiolista

0709 Pintor/-a

0710 Mecánico

0711 Chapista

0712 Especialista en TICS

0750 Outros

INDUSTRIA

0801 Operario en
industria alimentaria

0802 Carniceiro/-a

0803 Operario/a i. téxtil

0804 Modista

0805 Operario industria
madeireira

0806 Operario en xeral

0807 Artesán/-á

0808 Encargado/-a

0809 Enxeñeiro/-a

0850 Outros

ATENCIÓN A PERSOAS E NO FOGAR

0901 Auxiliar axuda

0902 domicilio

0903 Coidador/a infancia

0904 Empregado/-a de fogar

0905 Perruqueiro/-a

0906 Esteticista

0907 Masaxista

LIMPEZA

0921 Por horas

0922 En domicilios

0923 particulares

0924 En empresas e institucións

0925 En zonas exteriores

0950 Outros

SANIDADE E ATENCIÓN ESPECIALIZADA

1001 Auxiliar clínica

1002 Auxiliar enfermería

1003 Auxiliar xeriatría

1004 Enfermeiro/-a

1005 Médico/-a

- 1006 Psicólogo/-a
- 1007 Veterinario/-a
- 1008 Farmacéutico/-a
- 1050 Outros

ANEXO 2

RENOVACIÓN, MODIFICACIÓN OU BAIXA NO SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL REXISTRO NÚM. :

D./D^a..... NIF.....
Enderezo..... Data nacemento:.....
Concello.....Parroquia:.....
Teléfono fixo.....Teléfono móbil.....
Correo electrónico.....
Nacionalidade.....Permiso residencia e traballo __Sí __Non

EXPOÑO:

1. Que estou inscrito/a no servizo de intermediación laboral do Concello de Moeche co número
2. Que coñezo o contido da ordenanza do servizo de intermediación laboral publicada o díano BOP.

Por todo isto, SOLICITO:

- Que sexa renovada a miña inscrición, que está próxima a vencer e achego nova documentación
- A modificación dos meus datos segundo indico
- A baixa. Motivos:.....

Modificación de datos:

Documentación que achego para a modificación dos datos

Moeche, de de 20

**ANEXO 3
OFERTA DE EMPREGO**

REGISTRO NÚM.

D./D^a.....
NIF.....Enderezo.....
Concello.....Parroquia:.....
Teléfono fixo.....Teléfono móbil.....
Correo electrónico.....

En representación da empresa/entidade:.....
Enderezo.....

.
Concello.....Parroquia:.....
Teléfono fixo.....Teléfono móbil.....
Correo electrónico

EXPOÑO:

Que coñezo o contido da Ordenanza de intermediación laboral do Concello de Moeche, publicada o día _____no BOP

SOLICITO:

A xestión da oferta de emprego que se detalla

Solicitude de candidatos/as
 Divulgación a través dos medios gratuítos do concello

DESCRCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO

Posto de traballo e pequena descrión

Categoría e ocupación (ver listaxe)

Número de prazas

Xornada laboral

Requisitos

- Formación e capacitación
- Experiencia
- Habilidades
- Permiso conducción
- Outros

Moeche, de de 2

Asdo.:

CATEGORÍAS DE OCUPACIÓNS

0000 Calquera tipo de traballo no que non se necesite cualificación específica

ADMINISTRACIÓN

0101 Auxiliar

0102 Administr.

0103 Arquivista/bibl.

0104 Contable

0105 Técnico/-a

0106 Informático/-a

0107 Comercial

0150 Outros

COMERCIO E TRANSPORTES

0201 Dependente

0202 Caixeiro/-a

0203 Repoñedor/-a

0204 Almacén

0205 Escapatista

0206 Repartidor/-a

0207 Vix. seguridade

0208 Conductor/-a camións

0209 Conductor/-a ambulancias

0250 Outros

CONSTRUCCIÓN

0301 Peón

0302 Albanel

0303 Alicatador/-a

0304 Encargado/-a

0305 Delineante

0306 Técnico/-a

0307 Conductor excavadora, grúa e outra maq.

0350 Outros

HOSTELERÍA E

TURISMO

0401 Camareiro/-a bar

0402 Camareiro/-a rest.

0403 Axudante cociña

0404 Cociñeiro/-a

0405 Pasteleiro/-a

0406 Recepcionista

0407 Conserxe

0408 Gobernante/-a

0409 Técnico/-a turismo

0450 Outros

TRABALLOS AGROPECUARIOS E PESCA

0501 Peón

agrario/silvícola

0502 Peón de gandería

0503 Conductor

maquinaria agrícola

0504 Encargado/-a

0505 Xardineiro/-a

0506 Técnico/-a

0507 Mariñeiro/-a

0508 Patrón

embarcacións

0550 Outros

PROFESIONAIS

0601 Avogado/-a

0602 Axente de

igualdade

0603 A.D.L.

0604 Animador/-a cultural

0605 Técnico/-a deportes

0606 Asistente social

0607 Periodista
0608 Relacións públicas
0609 Esp. procesos. Cde.
0610 Arquitecto/-a
0611 Enxeñeiro/-a
0612 Formador/-a
0613 Filólogo/-a
0614 Historiador/-a
0615 Fotógrafo/-a
0616 Esp. imaxe e son
0617 Deseñador/-a gráfico
0618 Especialista en TICS
0650 Outros
MONTAXES,
INSTALACIÓNS,
MANTEMENTOS
0701 Carpinteiro/-a madeira
0702 Carp. metal
0703 Carp. PVC
0704 Fontaneiro/-a
0705 Electricista
0706 Especialista en enerxías alternativas
0707 Técnico electrónica
0708 Escaiolista
0709 Pintor/-a
0710 Mecánico
0711 Chapista
0712 Especialista en TICS
0750 Outros
INDUSTRIA
0801 Operario en industria alimentaria
0802 Carniceiro/-a
0803 Operario/a i. téxtil
0804 Modista
0805 Operario industria madeireira
0806 Operario en xeral
0807 Artesán/-á
0808 Encargado/-a
0809 Enxeñeiro/-a
0850 Outros
ATENCIÓN A PERSOAS E NO FOGAR
0901 Auxiliar axuda domicilio

0903 Coidador/a infancia
0904 Empregado/-a de fogar
0905 Perruqueiro/-a
0906 Esteticista
0907 Masaxista

LIMPEZA

0921 Por horas
0922 En domicilios
0923 particulares
0924 En empresas e institucións
0925 En zonas exteriores
0950 Outros

SANIDADE E ATENCIÓN ESPECIALIZADA

1001 Auxiliar clínica
1002 Auxiliar enfermería
1003 Auxiliar xeriatría
1004 Enfermeiro/-a
1005 Médico/-a
1006 Psicólogo/-a
1007 Veterinario/-a
1008 Farmacéutico/-a
1050 Outros

A persoa asinante deste documento a que os datos suministrados pola Bolsa de Emprego serán empregados exclusivamente para o fin da cobertura da oferta de emprego presentada e tamén a comunicar a este servizo o resultado final da selección.